

**Expediente: 3742/2024**

**Asunto: CORRECCIÓN DE ERRO MATERIAL NO PCAP DA LICITACIÓN PARA CONTRATAR O SERVIZO DE PROGRAMACIÓN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE PONTEAREAS**

### **RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA**

Por Resolución de alcaldía nº 2281-2024 de 15 de xuño, aprobei o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado do **“SERVIZO DE PROGRAMACIÓN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE PONTEAREAS”**, convocando a súa licitación e tamén aprobei os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas.

O anuncio de licitación publicouse o 15.06.2024 na Plataforma de Contratación do Sector Público, finalizando o prazo de presentación de ofertas o 1 de xullo de 2024.

Na cláusula 8.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares, indicouse por erro, no que afecta á solvencia técnica, o seguinte:

*“Por todo o anteriormente dito, establécese como requisito de solvencia para prestar o servizo de PROGRAMACIÓN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE PONTEAREAS, que a persoa ou persoas que executen os traballos estean en posesión de postgrado ou máster de alomenos, 200 horas relacionado coa igualdade de oportunidades.”*

Este requisito de acreditación de solvencia non se esixe na Memoria Xustificativa do contrato, nin pola normativa que esixe a formación en materia de igualdade e que se fai constar no primeiro parágrafo do apartado 8.3 do PCAP e tamén na memoria xustificativa. Trátase dun erro material de “copia e pega”.

De conformidade co artigo 122.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, considerando que ao día da data non se presentou ningún licitador e que o prazo de presentación de ofertas remata o 1 de xullo; de conformidade co establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.** Corrixir o erro material existente na cláusula 8.3 do prego de cláusulas administrativa particulares, na que debe suprimirse o seguinte parágrafo:

*“Por todo o anteriormente dito, establécese como requisito de solvencia para prestar o servizo de PROGRAMACIÓN DE IGUALDADE DO CONCELLO DE PONTEAREAS, que a persoa ou persoas que executen os traballos estean en posesión de postgrado ou máster de alomenos, 200 horas relacionado coa igualdade de oportunidades.”*



**SEGUNDO:** Publicar no perfil do contratante o PCAP corrixido.

A alcaldesa, M<sup>a</sup> Nava Castro Domínguez  
(documento asinado dixitalmente)

